



## Ditames Comisión asesora do PEPRI entre o 01/01/2024 e o 31/03/2024

- Rúa Orzán, núm. 126

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8423004. TB. (inspección previa)

Actuación proxectada: Rehabilitar o inmoble.

Obxecto da consulta: Se a formación da cuberta que se propón, a iluminación cenital e o vidro dobre tipo climalit son conformes coa normativa. Análise da formación da cornixa do edificio.

### Ditame:

O artigo 97 do PEPRI establece que con carácter xeral mantéñense as envolventes de cubertas dos edificios existentes; nomeadamente neste edificio que conta con protección de nivel estrutural ao que lle resulta de aplicación o artigo 79. Polo que deberá manter a cuberta existente informándose desfavorablemente as modificacións que se proxectan.

A cornixa ten que manterse na súa situación actual.

Autorízase o uso do vidro dobre climalit nas ventás, non nas galerías, nas que o cristal será sinxelo e acomodado ás carpinterías de madeira.

- Rúa Sinagoga, núm. 12

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 9423106

Actuación proxectada: Reestruturar e ampliar o edificio para dispor unha vivenda unifamiliar.

Obxecto da consulta: Avaliar as alegacións ao ditame anterior. Xustifica o volume do sistema de illamento da cuberta.

### Ditame:

Logo de avaliar as alegacións que se achegan, o conxunto da documentación técnica e o contido dos anteriores ditames, infórmase favorablemente as obras proxectadas sen prexuízo das condicións e xustificacións que insiran os informes nas fases de intervención e control arqueolóxico, que poden determinar modificacións destas.

Na memoria técnica que se achegue ao remataren as obras, cunha reportaxe fotográfica completa, que documente a intervención deberá acreditarse o cumprimento da normativa e das condicións recollidas nos ditames desta Comisión e nos informes técnicos municipais.

- Rúa Cega, núm. 4

Nivel de protección: sen catalogar

Actuación proxectada: Viabilidade da proposta de instalación do sistema SITE con reposición de molduras y cornixas en ocós, bordes e voos, mediante pezas prefabricadas compostas de núcleo de



## Concello da Coruña

poliestireno (EPS) recuberto de morteiro acrílico, tipo “Molithe” (copia ou reprodución dos elementos das molduras).

### Ditame:

O sistema SITE non está permitido no contorno de aplicación do Plan Especial, o artigo 106.3 prohibe explicitamente os revestimentos executados por proxección mecánica. A substitución das molduras orixinais deste edificio por copias ou imitacións son contrarias á dita normativa polo que se informa desfavorablemente o solicitado.

- Rúa Varela Silvari, núm. 2

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Illar a fachada e cuberta co sistema e SITE e panel sándwich imitación tella.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame do PEPRI: elimina o acabado de azulexo, incompatible co PEPRI.

### Ditame:

O sistema SITE non está permitido no contorno de aplicación do Plan Especial, o artigo 106.3 prohibe explicitamente os revestimentos executados por proxección mecánica.

Respecto das alegacións cómpre sinalar que o sistema SITE non é un morteiro. Este edificio reflicte na súa configuración e materiais a súa época, o que lle outorga valor específico con independencia de que se trate dun suposto descontextualizado no entorno no que se atopa. Polo que para considerar as intervencións debe terse en conta que o sistema de illamento proposto uniformiza e desindividualiza os edificios.

- Rúa Real, núm. 39

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8823008.

Actuación proxectada: Rehabilitación do edificio.

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta da fachada.

### Ditame:

Infórmase favorablemente o proxecto achegado que se acomoda ao establecido nos artigos 70 e 80 do PEPRI

- Rúa Juana de Vega, núm. 13

Nivel de protección: II Integral Ficha núm. 8319008

Actuación proxectada: reforma local.

Obxecto da consulta: Se recubrir os piares metálicos que caracterizan o local e desvirtuar a presenza dos linteis de pedra do muro posterior da antiga fachada, resulta admisible neste nivel de protección.



# Concello da Coruña

## Ditame:

Infórmase desfavorablemente a reforma do local proxectada toda vez que desvirtua a configuración e percepción do local orixinal, tanto na distribución como nos espazos que resultan. Trátase dun edificio dos primeiros de ferro que se construíron na cidade e conta con protección de nivel estrutural o que determina, consonte os artigos 80 e 79 do PEPRI e a ficha do catálogo que lle corresponde ao edificio, que deben conservarse os seus elementos característicos á vista; teñen que manterse os elementos estruturais, os piares de ferro e os arcos traseiros, que deben destacar na distribución do espazo.

- Rúa Mercado, núm. 12

Nivel de protección: Estrutural (III).Ficha núm.: 9026006. Tratamento Baixo. (TB)

Actuación proxectada: Rehabilitar as carpinterías e sanear a fachada.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer para intervir a galería en mal estado.

## Ditame:

Infórmase favorablemente a rehabilitación da galería en mal estado sempre que se manteña a galería orixinal.

- Rúa Santiago, núm. 4

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 9222002

Actuación proxectada: Reforma e cambio de uso de local a vivenda.

Obxecto da consulta: Avaliar se a configuración dos ocos da fachada deste edificio de protección integral pode ser compatible coa implantación do uso residencial; toda vez que implica actuar no oco que se configura como un escaparate de grandes dimensións.

## Ditame:

O uso de vivenda é compatible coas previsións do PEPRI e, polo tanto, autorizable sempre que quede garantido o cumprimento das condicións de habitabilidade.

Este edificio que conta con protección de nivel integral, artigo 78 do PEPRI, é incompatible coa solución de manter o oco do escaparate na configuración actual cun tratamento de vinilos para garantir a intimidade, polo que se informa desfavorablemente.

Os aparellos de ventilación dispostos na porta de acceso non son autorizables polo que deben eliminarse.

Para avaliar a viabilidade da implantación do uso de vivenda neste baixo deberá achegar un estudo histórico da formación da fachada deste edificio, cunha proposta que se acomode coa conservación dos elementos protexidos deste e os requisitos de habitabilidade das vivendas de Galicia.



## Concello da Coruña

- Rúa Real, núm. 68

Nivel de protección: Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8622324.

Actuación proxectada: reforma interior de vivenda

Obxecto da consulta: Avaliar a reposición da ocupación dos antigos patios que deu lugar á modificación do parcelario do ámbito.

Ditame:

As obras proxéctanse sobre un espazo que excede da unidade catastral que lle corresponde a este inmovible polo que se informa desfavorablemente.

- Rúa San Andrés, núms. 9-11

Nivel de protección: V Ambiental no conxunto. Ficha núm. 8724022.

Actuación proxectada: ampliar o alcance da varanda.

Obxecto da consulta: se resulta compatible dispor a varanda para protexer o acceso ao espazo completo.

Ditame:

A disposición da varanda que se solicita resulta compatible co nivel de protección deste edificio, polo que se informa favorablemente.

- Rúa San Roque, núm. 16

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Fachada ventilada o SITE

Obxecto da consulta: Avaliar as posibilidades de illar a fachada deste edificio con sistema SITE ou fachada transventilada.

Ditame:

O sistema SITE non está permitido no contorno de aplicación do Plan Especial, o artigo 106.3 prohíbe explícitamente os revestimentos executados por proxección mecánica.

O dito sistema procura a uniformidade e desindividualización dos edificios, que perden as súas características polo que, no contorno do PEPRI, deberán buscarse outras solucións.

Infórmase desfavorablemente.

- Rúa San Andrés, núm. 36

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Fachada ventilada o SITE



## Concello da Coruña

Obxecto da consulta: Avaliar as posibilidades de illar a fachada deste edificio con sistema SITE ou fachada transventilada.

Ditame:

O sistema SITE non está permitido no contorno de aplicación do Plan Especial, o artigo 106.3 prohibe explícitamente os revestimentos executados por proxección mecánica.

O dito sistema procura a uniformidade e desindividualización dos edificios, que perden as súas características polo que, no contorno do PEPRI, deberán buscarse outras solucións.

Infórmase desfavorablemente.

- Rúa Alameda, núms. 20-22

Nivel de protección: sen protección.

Actuación proxectada: Construír un edificio

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta da fachada e dos voos, en relación co ancho da rúa.

Ditame:

A composición desta fachada debe corrixirse.

Deberá acomodarse a planta baixa aos eixos compositivos do resto da fachada.

Cómpre requirir a emenda dos alzados que se achegan baixo dito criterio.

- Rúa San Xosé, núm. 6

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 9027229.

Actuación proxectada: Rehabilitación integral de edificio.

Obxecto da consulta: Se a proposta para rehabilitar resulta compatible co nivel de protección ambiental.

Ditame:

Infórmase favorablemente o proxecto que se achega para rehabilitar o edificio ao comprobar a súa compatibilidade co nivel de protección ambiental.

- Rúa San Andrés, núm. 151

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8321604.

Actuación proxectada: Instalación de ascensor.

Obxecto da consulta: Se ao instalar o ascensor se afectase aos accesos da entrada principal debe esixirse a obriga de acomodar a nova disposición ás determinacións do tratamento do baixo que establece a ficha do catálogo.



# Concello da Coruña

## Ditame

Para avaliar as obras que se proxectan deberá achegarse a documentación que conteña a configuración orixinal da fachada da planta baixa e do portal deste edificio.

O proxecto deberá conter unha proposta de intervención que xustifique a recuperación da dita configuración.

- Rúa Real, núm. 65

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8622410. TF

Actuación proxectada: Instalación de rampla.

Obxecto da consulta: Condicións da instalación de rampla ou elementos de accesibilidade e avaliar a obriga de repoñer as carpinterías de acceso ao local.

## Ditame:

A rampla que se solicita para dotar de accesibilidade ao local poderase dispor no interior deste, e tamén suprimir o chanzo. Neste caso terase que dispor unha porta de madeira que chegará á rasante da rúa. Deberá achegarse o documento técnico que recolla o antedito.

- Rúa Orzán, núm. 72

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8524021

Actuación proxectada: Construción dun edificio de 4 vivendas e soto.

Obxecto da consulta: Se a cuberta que se propón resulta compatible co nivel de protección e co artigo 97 do PEPRI.

## Ditame:

A mansarda que se proxecta non está permitida, artigos 97 e 118 do PEPRI, polo que deberá modificarse esta solución de cuberta e substituírse coa creación dunha planta ático que deberá cumprir as condicións do artigo 99 do Plan Especial.

Respecto do soto, esta Comisión non pode avaliar á súa viabilidade en tanto non se realicen os traballos arqueolóxicos e se coñeza o seu resultado.

Cómpre requirir a emenda da documentación técnica neste senso.

- Rúa Florida, núm. 34

Nivel de protección: Non incluído. Situado no contorno do Conxunto Histórico declarado BIC

Actuación proxectada: Construción de edificio.

Obxecto da consulta: estudo da configuración das fachadas.



# Concello da Coruña

## Ditame:

Considerando a ubicación deste edificio no que se proxecta unha planta soto, a Comisión non pode avaliar a viabilidade das obras proxectadas en tanto non se coñeza o resultado da intervención arqueolóxica logo que ser autorizada e executada.

Non en tanto, pode anticiparse que neste edificio de nova construción ten que xustificarse o cumprimento íntegro das condicións de habitabilidade das vivendas de Galicia.

O alzado do proxecto ten que ser corrixido toda vez que o artigo 111 do PEPRI establece que as fachadas de parcelas de entre 6 e 8 metros de fronte serán de tres eixos.

- Rúa Juana de Vega, núm. 33

Nivel de protección: Non catalogado.

Actuación proxectada: Instalación de rótulo.

Obxecto da consulta: Avaliación do rótulo disposto na fachada rehabilitada

## Ditame:

No ditame desta Comisión relativo á rehabilitación da fachada deixouse constancia da obriga de retirar os rótulos das fachadas.

Non se permiten rótulos nas fachadas dos edificios nas plantas altas.

Os rótulos só están permitidos na planta baixa, na que deberá estudarse a disposición destes consonte o artigo 124 do PEPRI.

- Rúa Rego da Auga, núm. 56

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8824506.

Actuación proxectada: Actuacións na fachada.

Obxecto da consulta: se resulta admisible vernizar a madeira da fachada ou debe esixirse o acabado da fachada consonte o previsto no Plan Especial.

## Ditame:

A intervención para manter e conservar a fachada infórmase favorablemente sempre que se pinte na gama de cores prevista no artigo 107 do PEPRI.

- Rúa Galera, núm. 27

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8824506. TB. (inspección previa)

Actuación proxectada: Rehabilitación enerxética da fachada (SITE).

Obxecto da consulta: Alegacións aos ditames do PEPRI relativos ao uso do sistema de illamento SITE.



# Concello da Coruña

## Ditame:

O sistema SITE non está permitido no contorno de aplicación do Plan Especial, o artigo 106.3 prohibe explicitamente os revestimentos executados por proxección mecánica.

O dito sistema procura a uniformidade e desindividualización dos edificios, que perden as súas características polo que, no contorno do PEPRI, deberán buscarse outras solucións.

Infórmase desfavorablemente.

- Rúa San Andrés núm. 140

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8321323. (Lucernario)

Obxecto da consulta: Modificación do trazado da cuberta, construción de sotos, fondo edificable, unión funcional con Perillana 10, cambio de uso a hoteleiro, incremento de número de vivendas existentes

## Ditame:

Consonte establece o artigo 97 e 79 do PEPRI, deberá manterse a cuberta existente.

O fondo da edificación é o existente.

Este edificio conta con protección de nivel estrutural, o que o obriga a manter o sistema da estrutura e os elementos desta, o que vai determinar a posibilidade da execución dunha planta soto, como tamén o que resulte da intervención e control arqueolóxicos, que teñen que realizarse previamente.

O artigo 129 do PEPRI establece que, con carácter xeral, non se incrementará o número de vivendas aínda que se permiten as subdivisións se estas son compatibles coa protección dos elementos protexidos e permite cumprir a normativa de habitabilidade.

- Avenida Metrosidero, parcela núm. 2 PERI Maestranza

Nivel de protección: obra nova

Actuación proxectada: Construción dun inmovible para 56 vivendas, locais e prazas de garaxe.

## Ditame:

Respecto dos paneis solares para cumprir coa obriga do CTE serían admisibles sempre que sexan coplanares e non poden sobresaír do faldrón da cuberta no que estarán integrados xa que se trata dun edificio de nova construción.

Respecto da instalación dunha fachada trasventilada, pode admitirse esta como sistema construtivo pero os acabados imitativos son inadmisibles consonte os artigos 106, 107 e 110 do PEPRI: *prohíbense explicitamente os acabados con chapado de pedra, revestimentos cerámicos ou vitrificados, formigón visto, bloques de formigón, paneis prefabricados en calquera material, revestimentos executados por proxección mecánica imitando revocos e cachotería sen revestir.*





## Concello da Coruña

Autorízanse para a conformación xeral dos paramentos das fachadas principais de edificios de nova construción, o enfuscado e revoco, fachadas mixtas de pedra e revocos, e fachadas de pedra vista con solucións construtivas de cantería ou perpiaños.

- Rúa Rego da Auga núm. 19

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm.: 8923206

Actuación proxectada: Rehabilitación da fachada

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame do PEPRI.

### Ditame:

As obras que se solicitan para a conservación e mantemento da fachada do edificio, infórmase favorablemente.

Lémbrese que calquera outra intervención na fachada e nomeadamente na da planta baixa requiren, consonte os artigos 61 e 62 do PEPRI, a eliminación dos elementos desconformes.

- Rúa Varela Silvari, núm. 2

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Illar a fachada e cuberta co sistema e SITE .

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame do PEPRI.

### Ditame:

Logo de avaliar o escrito de alegacións que se achegan, reiterase o contido do ditame anterior, ao considerar que o acabado do sistema de illamento que se proxecta non se atopa entre os previstos no artigo 106 do PEPRI e, produce unha modificación estética na fachada do edificio relevante dada a presenza deste na súa contorna.

Este edificio construíuse orixinalmente co acabado de pezas cerámicas que o diferencia doutros, aínda que se trate dun tipo dos non autorizables actualmente en aplicación dos artigos 106 e 107 do PEPRI. Nestes casos existen solucións de illamento inseridos nas propias pezas cerámicas.

Infórmase desfavorablemente a proposta achegada, calquera solicitude que se xunte deberá documentar a solución de acabados e como se resollen os encontros coas carpinterías.

- Rúa Florida, núm. 33

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8924003.

Actuación proxectada: Rehabilitar o inmovible e instalar ascensor.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta. Fachada da última planta.



# Concello da Coruña

## Ditame:

Os ocos da fachada da planta alta deste edificio deberán ser proporcionais cos das outras plantas.

Unificaranse as dimensión dos ocos da planta baixa.

O novo oco de acceso deberá ter a mesma altura ca do oco de acceso ao portal, e reproducirá a mesma carpintería. Estudarse a configuración no proxecto orixinal.

As portas irán enrasadas.

- Rúa Barrera, núm. 23-25

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8724308.

Actuación proxectada: Reparación fachada e consolidación do forxado da 1ª planta.

Obxecto da consulta: Viabilidade.

## Ditame:

As obras que se solicitan resultan compatibles co establecido nos artigos 70 e 78 do PEPRI, polo que se informan favorablemente.

- Rúa Herrerías, núm. 9

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9324110. TA e TB

Actuación proxectada: Reconstrución Galería.

Obxecto da consulta: viabilidade da substitución da galería na súa totalidade.

## Ditame:

Infórmase favorablemente a solicitude para reparar a galería en mal estado.

Non se permite a substitución do conxunto da galería, senón que se autoriza que se substitúan só as pezas de madeira en mal estado por outras idénticas, mantendo e conservando as outras.

A substitución das pezas que se realice deberá xustificarse, e poderá executarse en taller.

En todo caso, deberá achegarse unha reportaxe completa do resultado da intervención.

Lémbrese que a galería é un corpo voado acristalado que se dispón sobre o muro da fachada do edificio, polo que este deberá repoñerse.

- Rúa Cordonería, núm. 16

Nivel de protección: IV Ambiental Ficha núm. 8725010

Actuación proxectada: Conservación e mantemento da galería. (substitución da planta 2ª)

Obxecto da consulta: viabilidade da substitución da galería na súa totalidade.



# Concello da Coruña

## Ditame:

Infórmase favorablemente a solicitude para reparar a galería en mal estado.

Non se permite a substitución do conxunto da galería, senón que se autoriza que se substitúan só as pezas de madeira en mal estado por outras idénticas, mantendo e conservando as outras.

A substitución das pezas que se realice deberá xustificarse, e poderá executarse en taller.

En todo caso, deberá achegarse unha reportaxe completa do resultado da intervención.

Lémbrese que a galería é un corpo voado acristalado que se dispón sobre o muro da fachada do edificio, polo que este deberá repoñerse.

- Rúa Orillamar, núm. 32

Nivel de protección: Non se identifica.

Actuación proxectada: Rehabilitar a envolvente do edificio. (SITE)

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame.

## Ditame:

O acabado do sistema de illamento que se proxecta non se atopa entre os previstos no artigo 106 do PEPRI, e produce unha modificación estética na fachada do edificio relevante, dada a presenza deste na súa contorna.

Infórmase desfavorablemente a proposta achegada, calquera solicitude que se xunte deberá documentar a solución de acabados e cómo se resolven os encontros coas carpinterías. Este edificio poderá illarse pero mantendo os elementos orixinais da fachada.

- Cantón Pequeno, núm. 14-17

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8420023

Actuación proxectada: Reforma de local destinado a perfumería.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta. Carpintería aluminio lacado.

## Ditame:

Neste edificio que conta con protección de nivel integral, resulta obrigada a recuperación da fachada da planta baixa do edificio orixinal, consonte os artigos 70, 71 e 78 do PEPRI, ao consideraren a intervención de reforma integral do local para implantar unha nova actividade comercial.

As carpinterías deberán ser de madeira.

Infórmase desfavorablemente.

Logo de terse informado que as obras foron executadas sen licencia e sen acomodarse á normativa, darase conta ao Departamento de Disciplina Urbanística.



# Concello da Coruña

- Praza Ánxeles, núm. 7

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9223003.

Actuación proxectada: cambio de fiestras.

Obxecto da consulta: Admisibilidade da proposta.

Ditame:

A composición da fachada que se proxecta non se acomoda coa disposición característica das plantas baixas dos edificios, nin tampouco coa configuración da planta baixa do edificio orixinal, polo que se informa desfavorablemente, toda vez que non se acomoda ao establecido nos artigos 111 e 112 do PEPRI.

- Rúa San Juan, núm. 9

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 9027219.

Actuación proxectada: Instalación de ascensor e cambio de uso da planta baixa

Obxecto da consulta: Admisibilidade da implantación de vivendas na planta baixa, eliminando un muro.

Ditame:

O cambio de uso da planta baixa infórmase favorablemente. Porén, deberá xustificar o cumprimento da normativa de habitabilidade que estudará a Oficina Técnica Municipal.

- Praza Santo Domingo, núm. 3

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 9423007

Actuación proxectada: Rehabilitación de edificio de vivendas.

Obxecto da consulta: avaliar a situación das vivendas na planta baixa.

Ditame:

Consonte ao artigo 118 do PEPRI, con carácter xeral nas cubertas empregárase a tella “árabe”.

As modificacións que se solicitan deben xustificarse coas razóns técnicas de dispor outros elementos, e explicar nomeadamente o xeito de solucionarlas.

As fachadas medianeiras deberán tratarse consonte ao establecido nos artigos 105 e seguintes do PEPRI.

As intervencións no subsolo deberán ser informadas polo arqueólogo municipal.

A implantación das vivendas que se proxecta infórmase favorablemente, sempre que se cumpra a normativa de habitabilidade das vivendas de Galicia.



## Concello da Coruña

- Rúa Zapatería, núm. 29

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 9323215. TA

Actuación proxectada: Reparación da cuberta con substitución de correa e limpeza de vexetación.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

As obras que se solicitan para conservar e manter a cuberta deste edificio que conta con nivel de protección integral, infórmanse favorablemente, consonte aos artigos 80 e 78 do PEPRI.

- Rúa Real, núm. 96

Nivel de protección: sen protección.

Actuación proxectada: Segregación da vivenda

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

A segregación do inmovible para dispor dúas vivendas acomódase co artigo 144 do PEPRI, polo que se informa favorablemente.

- Rúa Veeduría, núm. 1

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9324601.

Actuación proxectada: Viabilidade de Modificación de proxecto.

Obxecto da consulta: viabilidade da proposta.

Ditame:

As obras que se proxectan e que modifican as autorizadas na licenza concedida, resultan compatibles co réxime legal de aplicación, sempre que se limiten ás que se relacionan e non afecten á estrutura deste edificio, singularmente protexida.

- Rúa San Nicolás, núm. 4

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8824409. (TF-3º planta) (TB)

Actuación proxectada: Viabilidade terminación da fachada segundo o proxecto orixinal.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

O remate da cuberta irá á liña da fachada e non á do voo.

Das solucións que se presentan a que se acomoda coa normativa é a sinalada como primeira.



## Concello da Coruña

Lémbrese que as galerías son corpos acristalados que se dispoñen sobre o muro da fachada do edificio, polo que este debe repoñerse, principalmente.

- Rúa Galera, núm. 31

Nivel de protección: V Interese ambiental no conxunto. Ficha núm. 8622311. TF

Actuación proxectada: Viabilidade de cambio de uso de residencial a hosteleiro.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta.

Ditame:

O cambio de uso que se proxecta resulta autorizable por ser compatible co establecido no artigo 144 do PEPRI.

- Rúa Santiago, núm. 4

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 9222002

Actuación proxectada: Legalización de obras realizadas.

Obxecto da consulta: Viabilidade das obras realizadas.

Ditame:

Infórmase favorablemente o uso de oficinas no inmovible segregado por resultar compatible no establecido no artigo 142 do PEPRI.

- Praza de María Pita, núm. 17

Nivel de protección: I Monumental, Ficha núm. 9023205. Declaración BIC.

Actuación proxectada: Instalación de placa de granito con letras gravadas en negativo en Fundación Paideia.(80 x 60 cm).

Obxecto da consulta: avaliación da placa e a súa disposición.

Ditame:

Infórmase favorablemente a placa honorífica e a disposición desta no edificio, tal e como se expón na proposta.

- Rúa Torreiro, núm. 24

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8724326 TB

Actuación proxectada: Legalización caixeiro automático e rótulo

Obxecto da consulta: Viabilidade das obras realizadas.

Ditame:



## Concello da Coruña

A disposición do caixeiro automático integrado no acristalamento da porta infórmase favorablemente, coa condición de que se retire a cartelería desconforme co establecido no PEPRI.

- Praza Santa Catalina

Actuación proxectada: substitución do chan de madeira da praza.

Obxecto da consulta: admisibilidade da substitución do chan de madeira por granito.

Ditame:

A solución de dar continuidade á praza, con pedra, modifica a actual configuración na que estudadamente se dispón o trazado de madeira xunto coa pedra, para suavizar e alixeirar o tratamento desta, polo que antes de eliminar a disposición actual cos materiais existentes, deberase estudar a substitución da madeira en mal estado e que ten risco de ser esvaradía, por outra con novos tratamentos que proporcionen as actuais tecnoloxías.

Deberase achegar a documentación que represente a nova disposición dos materiais na praza, así como a xustificación do deseño.

- Rúa Orzán, núm. 72

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8524021

Actuación proxectada: rehabilitación de edificio.

Obxecto da consulta: avaliar a solución da cuberta que se presenta.

Ditame:

A solución da cuberta que se presenta infórmase favorablemente.

Achegarase o proxecto de control arqueolóxico.

- Praza San Agustín, núm. 1

Nivel de protección: II integral. Ficha núm. 89250

Actuación proxectada: instalación eléctrica.

Obxecto da consulta: avaliar a solución máis compatible coa protección do edificio, de entre as presentadas.

Ditame:

A solución máis respectuosa coa protección do edificio é a proposta recollida como número 4.